

Eduardo Estévez, poeta galardonado no certame González Garcés

Di que o seu xeito de acercarse á realidade ten un reflexo na técnica espontánea de sus poemas, inspirados en viaxes y experiencias vitais, pero tamén no que lé doutros autores. Eduardo Estévez, italiano por lei, arxentino de nacemento e galego porque si, pensaba desde a outra beira de Fisterra co idioma de

Rosalía era un mero referente cultural, unha lingua de ancestros, como o latín, ata que chegou a Compostela e escomenzou a rimar versos. Agora, os seus primeiros poemas en galego recibiron un accésit no premio González Garcés da Deputación. Un dos autores que inspiraron as súas rimas foi o gañador, Ramiro Fonte.

«Pensaba que ninguén falaba galego»

SANTIAGO

Redacción

Teimaba co galego era unha lingua case morta, porque o seu avó da Coruña non lla falaba. Pero bastoulle por un pé en Compostela para namorarse do idioma. Agora, despois de dous anos en Galicia, falao a cotío, con un «descolocante» acento porteño.

—¿Como foi o do premio, seica lle colleu por sorpresa?

—De feito, xa estaba a piques de declarar morto este libro. Mandeino ó concurso e pensei que se non gañaba iría ó caixón. Si foi unha sorpresa.

—¿Que experiencias amosa nos seus poemas?

—Experiencias de viaxes, da miña vida persoal. Mesmo a miña relación coa lingua galega. O libro premiado ten dous anos longos. Mande este poemario e outro. Así foi que cando me enterei de que me deran o accésit pensei que me estaban a falar do outro.

—¿E por que tiña tan pouca confianza no traballo premiado? ¿Parecíalle menor?

—Non, é que era máis antigo



XOÁN A. SOLER

Eduardo Estévez afirma que os seus poemas reflexan as súas experiencias vitais e a súa relación co idioma

e xa o tiña medio apartado. Ademais, os amigos tamén me falaban máis do outro.

—Nin sequera quixo que o seu nome se soubera...

—De entrada decía que non o

fixeran público, alomenos de momento, porque pensaba que se trataba do outro poemario e teño ilusión de poder gañar algo maior. Pero cando me enterei pola prensa de que fora o

libro que tiña arrimado dixeran que adiante. Para min é moi importante este premio. Pero teño moito que agradecer ós amigos, que sempre me axudaron e estiveron connigo.

«A poesía na nosa lingua está moi activa»

Eduardo Estévez define o momento da poesía galega como «activo e vital». Dice que lle chama a atención o costume galego de «facer as cousas porque si». Confía que a publicación do seu primeiro libro era un desafío persoal.

—É polo que estaba a dicir, de que xa tiña pensado metelo no caixón, arrimalo dalgún xeito.

—Resulta curioso que chegando de fóra lle dera por aprender e desenvolver a súa traxectoria poética en galego...

—Decidín que se estaba aquí, a miña lingua era o galego. Fago a vida en galego e polo tanto escribo na miña lingua.

—¿Como ve o momento que está a vivir a poesía galega?

—Na poesía estase a vivir un momento moi activo. Chámame moito a atención o costume da xente de facer as cousas porque si. Doutra banda hai un movemento de poetas xoves moi interesante e con moito dinamismo.

—Máis inspiracións...

—Gostame Ramiro Fonte e as cancións de Cateaveloso.